



I.E.S. Alexandre Bóveda

# *Optativas de 1º de Bacharel*

*Departamento de Orientación.*

## ANTROPOLOXÍA

### **Introdución.**

Unha das características do ser humano é preguntarse sobre si mesmo, polo seu ser e polo sentido da súa existencia. Non obstante, na medida de que existe unha multitude de materias que pretenden facerse cargo dalgún aspecto da realidade humana, faise necesaria unha reflexión interdisciplinar na que converxan os saberes de carácter social e humano coas achegas dalgunhas ciencias naturais. Esta perspectiva multidimensional, comparativa e global é a que pode achegar unha antropoloxía xeral, na cal o enfoque filosófico proporciona as claves que permiten realizar as conexións entre o material achegado polos distintos enfoques particulares, o que a converte nunha materia de especial interese para o alumnado do bacharelato.

En consecuencia, o seu obxectivo non será analizar as formas particulares da cultura, senón proporcionar os instrumentos cognitivos, operativos e mesmo afectivos necesarios que lle proporcionen ao alumnado unha base firme en que se apoiar, á vez que considera de forma crítica a sociedade da que forma parte e a global que se está a construír; mentres cuestiona e reflexiona sobre as crenzas e valores herdados do seu contorno intelectual ou da tradición, non co fin de cambiar necesariamente o punto de vista propio, senón de ensanchalo tendo en conta outras perspectivas.

A antropoloxía, achega unha selección de contidos que se adecúan aos seus intereses académicos e aos campos profesionais que se dirixe, que lle permitan afondar en cuestións xa abordadas noutras materias (filosofía, bioloxía, linguas, historia,

economía, arte, etc.) coas que están ou xa teñen entrado en contacto, proporcionándolle unha perspectiva sintética e non só unificadora.

### **Obxectivos.**

1. Adquirir unha visión científica do ser humano, atendendo á súa dimensión biolóxica e a cultural.
2. Coñecer, comprender e asumir as diferenzas e valorar a súa importancia para a supervivencia da especie nun mundo cada vez máis intercomunicado.
3. Adoptar, fronte ao feito da diversidade cultural e biolóxica, unha perspectiva integradora, que supere o etnocentrismo e o relativismo, que posibilite o recoñecemento libre de prexuízos e a relación responsable coas outras persoas.
4. Coñecer, analizar e comprender os procesos que conforman a natureza e a cultura humanas.
5. Fomentar actitudes de tolerancia que faciliten o diálogo entre as culturas.
6. Adquirir unha comprensión global do humano, a partir das achegas dos distintos campos da antropoloxía, das distintas ciencias humanas, sociais e naturais.
7. Valorar as achegas desde variadas perspectivas, como facilitadoras das claves que permiten realizar a conexión e a interpretación crítica dos diferentes materiais antropolóxicos.
8. Coñecer a especificidade dos estudos antropolóxicos, familiarizarse cos seus métodos de traballo específicos e aplicarlos ao estudo do contorno próximo, a fin de mellorar o coñecemento e valorar o patrimonio cultural de Galicia.
9. Transferir os coñecementos adquiridos á análise dos problemas fundamentais do mundo actual co fin de comprender as súas causas e implicarse activamente nas súas solucións.

### **Contidos.**

A antropoloxía como campo de estudo.

- Características, obxecto e método dos estudos antropolóxicos.
- Principais ramas da antropoloxía.
- Relación da antropoloxía con outras ciencias humanas.

A persoa humana.

- Fundamento biolóxico da cultura. O proceso de hominización.
- A teoría da unidade da especie humana no evolucionismo.
- Raza, cultura, herdanza e medio.
- Natureza, cultura e sociedade.

- Interiorización de valores e patróns culturais.
- A diversidade cultural.
- A racionalidade e as lóxicas culturais. Alteridade e unidade das culturas.
- O cambio cultural. Diversidade e progreso.

#### Palabras e símbolos.

- A cultura como orde simbólica.
- Símbolos e comunicación.
- Linguaxe e cultura. Comunidades lingüísticas.
- O poder das palabras e os nomes. Linguaxe e poder.
- A arte e as súas implicacións socioculturais
- Mito, rito, maxia e relixión.
- O saber e a educación.

#### Relacións interpersoais e organización social.

- Espazo e parentesco. A pertenza a un contexto social. Os roles.
- Conflito e orde. Manexo do conflito.
- A base das institucións legais.
- As sociedades pre-estatais. A política no Estado.
- A desigualdade. Os efectos do colonialismo sobre as sociedades primitivas. Descolonización e dependencia.
- A sociedade global.

#### Natureza humana, liberdade e dignidade.

- A estrutura específica do ser humano. Indeterminación, liberdade.
- A dimensión temporal da vida humana: tempo, vida e historia. A conciencia da morte.
- Do pracer e a dor ao sentimento moral. O descubrimento do outro e a conciencia moral. Sentimentos e teorías.

#### **Criterios de avaliación.**

1. Relacionar a información procedente de diversas áreas do saber para comprender as características que constitúen os trazos universais que definen a especie humana e as variantes das distintas poboacións. Preténdese comprobar a capacidade do alumnado para identificar os diferentes factores que confluíron no proceso de hominización e a súa interacción na conformación dos trazos específicos da especie,

factores que explican as variacións e diferenzas das distintas poboacións, desmontando os prexuízos raciais.

2. Identificar e explicar os distintos elementos e estruturas que conforman unha cultura. Con este criterio preténdese comprobar se as alumnas e os alumnos son quen de identificar os compoñentes máis relevantes dunha cultura e de integralos nunha concepción global; así mesmo se comprende os mecanismos de transmisión entre distintas xeracións e os factores explicativos do cambio cultural.

3. Describir, analizar e explicar, usando conceptos adecuados, algún elemento cultural do seu contorno, e comparalo con outras manifestacións culturais, establecendo semellanzas e diferenzas.

Preténdese comprobar con este criterio a capacidade do alumnado para transferir o aprendido ao ámbito próximo, reflexionar sobre un feito cultural determinado, evitando simplificacións; así mesmo, verificarase a presenza de criterios de comparación obxectiva entre distintas culturas, adoptando un punto de vista que supere prexuízos etnocéntricos.

4. Participar en debates sobre cuestións de actualidade, relativas ás relacións entre distintos modos de vida, usando un vocabulario apropiado e argumentos pertinentes.

Preténdese verificar a capacidade do alumnado para interesarse polos problemas suscitados pola convivencia entre persoas de distintas culturas, así como para adoptar posturas de respecto e tolerancia.

Búscase, así mesmo, comprobar a súa capacidade de achegar argumentos.

5. Realizar sínteses integradoras a partir de achegas teóricas traballadas, e información adquirida en distintas fontes.

Trátase de comprobar se o alumnado é quen de contrastar e relacionar información variada sobre os temas obxecto de traballo. O seu grao de capacidade para reflexionar, desde unha perspectiva filosófica, sobre cuestións relativas á identidade humana e á dignidade da persoa.

6. Elaborar un traballo de investigación sobre algún aspecto cultural do contorno. Con este criterio comprobarase a capacidade de utilizar a reflexión, contrastar opinións, chegar a conclusións e resumir os coñecementos adquiridos a través de métodos e técnicas de traballo específicos na investigación antropolóxica.